



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2025/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025 (PEL-CONCELLOS/2025). Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES:

03.02.2025. Por Decreto da Alcaldía n.º 27/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para realización dun proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2025.

07.02.2025. Publicouse o anuncio da aprobación das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 26, iniciándose ao día seguinte o período de dez (10) días naturais para a presentación de instancias (do 08.02.2025 ao 17.02.2025) [base 6.2 das bases da convocatoria].

Solicitudes de participación:

| Apelidos e nome | DNI | ACREDITACIÓN CELGA |
|--------------------------|-----------|--------------------|
| Fernández González Juan | ***1422** | CELGA 1 |
| García Cao Manuel Daniel | ***5245** | CELGA 2 |
| Mejuto Passagio Sabrina | ***9411** | CELGA 2 |
| Morao Brea Manuel | ***6621** | CELGA 1 |
| Salgado Esturao Jesús | ***5037** | CELGA 2 |
| Suárez Louzao Miguel | ***9140** | CELGA 2 |
| Valiño Cereijo José Luís | ***9893** | CELGA 1 |

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.

- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 27/2025, polo que se aprobaron bases e a convocatoria para realización dun proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2025.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2025.

PERSOAS ADMITIDAS

| Apelidos e nome | DNI | ACREDITACIÓN CELGA |
|--------------------------|-----------|--------------------|
| Fernández González Juan | ***1422** | CELGA 1 |
| García Cao Manuel Daniel | ***5245** | CELGA 2 |
| Mejuto Passagio Sabrina | ***9411** | CELGA 2 |
| Morao Brea Manuel | ***6621** | CELGA 1 |
| Salgado Esturao Jesús | ***5037** | CELGA 2 |
| Suárez Louzao Miguel | ***9140** | CELGA 2 |
| Valiño Cereijo José Luís | ***9893** | CELGA 1 |

PERSOAS EXCLUÍDAS

Ningunha

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).
- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural)
- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, persoal laboral fixo conductor encargado tractor Concello de Touro.
- Vogal 2º: Paula Martínez Cereijo, funcionaria auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3º: María Carmen Becerra Carlín, parsoal laboral fixo auxiliar administrativa do Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal, constitución e realización da fase de oposición, (exame práctico) para o venres 21 de febreiro de 2024 ás 11:00 horas na “Nave de Servicios Municipales” situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

CUARTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente